



## INSTALACIONES NÁUTICAS

# GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

### ANTES DE IR AO TRABALLO



#### PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles á covid-19 e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio. En caso de dúbida consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



#### FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


**Non ir traballar** con febre (>37° C) ou **síntomas da covid-19**, tampoco **se houbo contacto próximo** cunha persoa infectada.



#### DESPLAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse **mellor de forma individual**. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. Se se **comparte vehículo**, hai que ter en conta a **obriga de usar máscara**.

### DISTANCIA DE SEGURIDADE



#### NO SERVIZO

Establecer un **número máximo** de persoas ás que ofrecer o servizo de maneira segura. O persoal deberá **utilizar máscara**, cando non se poida garantir en todo momento a distancia de seguridade de 1,5 metros.

1,5m



#### CONTROL DA CAPACIDADE MÁXIMA

Limitar a capacidade e garantir a distancia de seguridade, **organizar a entrada e a saída** da clientela para dirixir o fluxo das persoas co fin de evitar aglomeracións. **Respectar a distancia de seguridade na espera**, nas entradas e nas saídas.



#### NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer normas específicas de uso para cada tipo de instalación: tanto en terra como no uso **dos distintos tipos de aparellos e embarcacións** e nas **operacións específicas** (amarres, subministración combustibles e entrega dos artefactos flotantes e/ou de mergullo).



#### ORGANIZAR ESPAZOS

**Planificar as tarefas e procesos de traballo**, reorganizar a disposición dos postos de traballo, a circulación de persoas e a distribución de espazos para manter a distancia de seguridade.

### HIXIENE E LIMPEZA



#### LAVADO DE MANS

**Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións desinfectantes. Lavalas antes de poñer as luvas e logo de quitalas e antes de entregar ou ao coller repostos ou complementos.



#### LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limpar e desinfectar o establecemento e as superficies que se tocan **con máis frecuencia**. **Lavar a roupa de traballo, a lenzaría de cama e a mantelería** a unha temperatura >60° C, se non é posible utilizar aditivos no lavado para desinfectar. Desinfectar o posto de traballo co **cambio de quenda**.



#### OLLOS, NARIZ E BOCA

**Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Tamén cando se usen luvas e máscara.



#### PRODUTOS

Dispoñer de **solucións desinfectantes** en sitios accesibles para **uso da clientela e na entrada da zona de servizo**. Dispoñer de produtos para a hixiene de mans do persoal e para a limpeza e desinfección do local.



#### VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



#### PRESTACIÓN DO SERVIZO

O persoal que atende a **gasolineira** deberá empregar **luvas** que non sexan sensibles á acción dos hidrocarburos e **desinfectar as pistolas e demais superficies de contacto frecuente**.



#### MÁSCARAS E LUVAS

Proporcionar **máscaras** cando non se poida respectar a distancia de seguridade e outros **medios de protección persoal** (luvas desbotables, pantallas faciais) nas tarefas e situacións nas que o indique o servizo de prevención de riscos laborais ou a autoridade sanitaria. Refugalos ou desinfectalos de xeito correcto despois do uso.

### MEDIDAS ORGANIZATIVAS



#### SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao **900 400 116** (para residentes da comunidade autónoma) ou ao **881 002 021** (para persoas doutras comunidades).



#### SINALIZAR

Sinalizar o **chan do local, das terrazas, das embarcacións, da barra e onde se precise manter a distancia de seguridade** e durante os tempos de espera.



#### CONTROL DE ACCESO A PROVEEDORES

Fixar **horarios** para atender os **provedores** e establecer as **pautas de seguridade** para a recollida de materiais e complementos.

